

XXX festival
internacional
GALICREQUES
2025

30
ANOS

do 11 ao 19 de OUTUBRO
SANTIAGO DE
COMPOSTELA

Mércores 8

20:00h/Sala Capitol

Inauguración

30 Anos de Galicreques

(Con convite)

Sábado 11

11:00h/Mercado de
Abastos

Tarot-creqes Animados
Titiot

12:00h/A Reixa

El Guíño del Guíño

(Colombia)

El último árbol

ESTREA

17:00h/Exterior carpa
da Alameda

Os Monifates (Galiza)

Percorrendo camiños

18:00h/CSC Conxo

Luis Vallecillo (Galiza)

Magic & Music

18:00h/CSC Romão

Mircromina Teatro

(Galiza)

Pasmo de Pedra

ESTREA

19.00h/Carpa da

Alameda

Gonzalo Guevara

(Arxentina)

Lazarillo del Riachuelo

ESTREA

Domingo 12

11:00h/Exterior carpa
da Alameda

Mercado de Produtos
de Portugal. Artesanía e
sabores

11:00h/Exterior carpa
da Alameda

Ruada de Xigantes

(Portugal)

(Saída: Alameda)

ESTREA

12:00h/Carpa da
Alameda

*Obradoiro de Marionetas
de papel*

(Portugal)

13:00h/Carpa da

Alameda

Fio D'Azeite

(Sintra, Portugal)

O Rei Vai Nú

ESTREA

16:30h/Exterior carpa
da Alameda

Ruada de Xigantes

(Portugal)

(Saída: Alameda)

17:30h/Carpa da
Alameda

Marionetas Rui Sousa

(Sta. María da Feira, Portugal)

Fíos Máxicos

20:00h/Carpa da
Alameda

Canções de Liberdade

(50 anos de 25 de abril)

(Porto, Portugal)

Brothers In Arms

ESTREA / **CARA BÉ**

Luns 13

10:30h/Fundación SGAE

Mircromina Teatro (Galiza)

Pasmo de Pedra

Escolar

11:00h/EEI do Gaioso

Función Escolar

(O Eixo)

11:30h/Carpa da
Alameda

K'Paparota e Danthea

Teatro (Galiza)

Verán na Lavandería

Escolar / ESTREA

12:00h/Teatro Principal

Teatro Escena (Galiza)

Buh! que medo!

Escolar

18:30h/Teatro Principal

Teatro Escena (Galiza)

Buh! que medo!

20:00h/Carpa da
Alameda

Mesa redonda:

30 Anos de Galicreques

Martes 14

10:30h/Fundación SGAE

Títeres Candelilla (Chile)

Kuiyen, sueño Mapuche

Escolar / ESTREA

10:30h/Teatro Principal
Teatro Escena (Galiza)
Buh! que medo!
[Escolar](#)

11:30h/Carpa da Alameda
Teatro La Estrella
(C. Valenciana)
Los tres cerditos
[Escolar](#)

17:00h/Carpa da Alameda
Teatro La Estrella
(C. Valenciana)
Los tres cerditos

18:00h/CSC Ensanche
El Guiño del Guiñol
(Colombia)
El último árbol

20:30h/Teatro Principal
Roberto White (Arxentina)
Tape y otros cuentos
ESTREA / **CARA BÉ**

Mércores 15

10:30h/Fundación SGAE
Kuiyen, sueño Mapuche
Títeres Candelilla (Chile)
[Escolar](#)

10:30h/Teatro Principal
Roberto White
(Arxentina)
Tape y otros cuentos
[Escolar](#)

11:30h/Carpa da Alameda
La Gotera de Lazotea
(Andalucía)
La boda de la pulga y el piojo
[Escolar](#)

12:00h/CSC Santa Marta
Agarrate Catalina
(Arxentina)
La Luna como Testigo
[Escolar](#) / ESTREA

18:00h/Carpa da Alameda
La Gotera de Lazotea
(Andalucía)
La boda de la pulga y el piojo

18:00h/CSC Laraño
El Caballero sin Caballo
Pizzicatto Teatro
(Arxentina)

20:30h/Teatro Principal
Zaches Teatro (Italia)
Cenicienta
ESTREA / **CARA BÉ**

Xoves 16

10:30h/Fundación SGAE
Carmen Domech (Galiza)
O Grúfalo
[Escolar](#)

10:30h/Teatro Principal
Zaches Teatro (Italia)
Cenicienta
[Escolar](#)

12:00h/Carpa da Alameda
Panta Rhei (Euskadi)
Krim pequeno lobo
[Escolar](#) / ESTREA

17:30h/Carpa da Alameda
Panta Rhei (Euskadi)
Krim pequeno lobo

18:00h/CSC Fontiñas
El Guiño del Guiñol
(Colombia)
El último árbol

18:00h/CSC Lavacolla
La Pepa del Mamoncillo
(Colombia)
A donde van los ríos

20:30h/Teatro Principal
Fil de Guà (Cataluña)
Emporiana
ESTREA / **CARA BÉ**

22:00h/Carpa da Alameda
CABARÉ CARA BÉ
Varietés
CARA BÉ

Venres 17

10:30h/Fundación SGAE
Carmen Domech (Galiza)
O Grúfalo
[Escolar](#)

10:30h/Teatro Principal
Fil de Guà (Cataluña)
Emporiana
[Escolar](#)

12:00h/Carpa da Alameda
Txotxongillo Taldea
(Euskadi)
Caminos para la poesía
[Escolar](#) / ESTREA

12:00h/CSC Santa Marta
Kalina Teatro (Galiza)
Limonardo dá vento
Escolar / ESTREA

17:00h/Carpa da
Alameda
Presentación do proxecto:
Clementina e os planetas

18:00h/CSC Santa Marta
Kalina Teatro (Galiza)
Limonardo dá vento

18:30h/Carpa da
Alameda
Txotxongillo Taldea
(Euskadi)
Caminos para la poesía

19:00h/CSC A Gracia
El Guiño del Guiñol
(Colombia)
El último árbol

20:30h/Teatro Principal
La Tartana (Madrid)
Un hilo me liga a vos
ESTREA / **CARA BÉ**

Sábado 18
.....
12:00h/Carpa da
Alameda
El Guiño del Guiñol
(Colombia)
El último árbol

12:00h/CSC Castiñeiriño
La Pepa del Mamoncillo
(Colombia)
A donde van los ríos

13:30h/Carpa da
Alameda
Pizzicatto Teatro
(Arxentina)
El Caballero sin caballo

De 16:00 a 18:00h/
Exterior Carpa
da Alameda
Bico de Toupa (Galiza)
Un Mar de Xogos
Instalación de Xogos
e brinquedos

16:30h/Teatro Principal
Agarrate Catalina
(Arxentina)
La Luna como Testigo

18:00h/CSC Vite
Andarte Sonando
(México)
Ya se armó la Titerelia
ESTREA

19:00h/Teatro Principal
El Chonchón
(Chile/Arxentina)
Juan, María y los del 900
CARA BÉ

22:00h/Carpa da
Alameda
Teatro Arbolé (Aragón)
*Trigedias de amor
y cuernos*
CARA BÉ

Domingo 19
.....
12:00h/Sala Capitol
Teatro Arbolé (Aragón)
Los tres cerditos

13:30h/Exterior carpa
da Alameda
Cachimóbil.
Titeres Cachirulo (Galiza)
A cabeza do Dragón

De 16:00 a 18:00h/
Exterior Carpa
da Alameda
Bico de Toupa (Galiza)
Un Mar de Xogos
Instalación de Xogos e
brinquedos

16:30h/Carpa da
Alameda
Titeres Candelilla (Chile)
Kuiyen, sueño Mapuche

17:30h/Carpa da
Alameda
Andarte Sonando (México)
Ya se armó la Titerelia

18:30h/Carpa da
Alameda
Carmen Domech (Galiza)
O Grúfalo

20:00h/Teatro Principal
Entrega do Premio
Galicreques 2025 +
Ephimeros
Nauta Teatro (Galiza)
ESTREA / **CARA BÉ**

PROGRAMACIÓN ESCOLAR 2025

Do 13 ao 17 de outubro

Pasmo de Pedra

Mircromina Teatro (Galiza)

Fundación SGAE

Luns 13 de outubro ás 10:30 h

Buh! que medo!

Teatro Escena (Galiza)

Teatro Principal

Luns 13 de outubro ás 12:00 h

Martes 14 de outubro ás 10:30 h

Verán na Lavandería

K'Paparota e Danthea Teatro

(Galiza)

Carpa da Alameda

Luns 13 de outubro ás 11:30 h

Función Escolar

EEL do Gaioso (O Eixo)

Luns 13 de outubro ás 11:00 h

Kuiyen, sueño Mapuche

Títeres Candelilla (Chile)

Fundación SGAE

Martes 14 de outubro ás 10:30 h

Mércores 15 de outubro ás 10:30 h

Los tres cerditos

Teatro La Estrella (C. Valenciana)

Carpa da Alameda

Martes 14 de outubro ás 11:30 h

Tape y otros cuentos

Roberto White (Arxentina)

Teatro Principal

Mércores 15 de outubro ás 10:30 h

La boda de la pulga y el piojo

La Gotera de Lazotea (Andalucía)

Carpa da Alameda

Mércores 15 de outubro ás 11:30 h

La Luna como Testigo

Agarrate Catalina (Arxentina)

CSC Santa Marta

Mércores 15 de outubro ás 12:00 h

O Grúfalo

Carmen Domech (Galiza)

Fundación SGAE

Xoves 16 de outubro ás 10:30 h

Venres 17 de outubro ás 10:30 h

Cenicienta

Zaches Teatro (Italia)

Teatro Principal

Xoves 16 de outubro ás 10:30 h

Krim pequeno lobo

Panta Rhei (Euskadi)

Carpa da Alameda

Xoves 16 de outubro ás 12:00 h

Emporianova

Fil de Guà (Cataluña)

Teatro Principal

Venres 17 de outubro ás 10:30 h

Caminos para la poesía

Txotxongillo Taldea (Euskadi)

Carpa da Alameda

Venres 17 de outubro ás 12:00 h

Limonardo dá vento

Kalina Teatro (Galiza)

CSC Santa Marta

Venres 17 de outubro ás 12:00 h

AGARRATE CATALINA

Arxentina

15_12:00 h

18_16:30 h

La luna como testigo

Idades recomendadas: a partir de 4 anos

Duración: 50 minutos

Técnica: monicreques de luva

Idioma: castelán

Dous fascinantes e divertidas historias sucédense cunha lúa cómplice. Unha nena soña coa lúa, un neno namorado decide regalarlla, un pintor a pinta como a súa obra mestra e un simpático personaxe tentase durmir. A lúa será testemuña de aventuras e lembrará a cada pouco o asombro da natureza.

“La luna como testigo” é unha peza poética pensada para os nenos. A poesía é un arrollo para a alma infantil, que arrola, acompaña, fai crecer. É amorosa, xoga, divirte e ás veces ata fai cóxegas. Esta peza conxuga todo iso a través da maxia dos monicreques que fan voar a imaxinación, xogueite tan prezado nestes tempos.



PROGRAMACIÓN **CARA BÉ**

Los Cómicos del novecientos é unha homenaxe na que o Teatro de Muñecos Animados El Chonchón lle brinda aos cómicos do cine mudo.

Personificados por títeres de luva, Carlitos Chaplín e El Pibe, Harold Lloyd, son algúns dos que aparecen facendo das súas nas distintas pantomimas que integran o espectáculo. As situacións están musicalizadas coa típica melodía do cine mudo e os personaxes e a escenografía están coloreadas cos característicos branco e negro. Tanto para grandes coma para pequenos, o espectáculo pecha cunha clásica posta para o teatro de títeres de luva "Juancito y María" obra do poeta Javier Villafañe.

EL CHONCHÓN

Chile/Argentina

18_19:00 h



Juan, María y los del novecientos

Idades recomendadas:

a partir de 4 anos

Duración: 60 minutos

Técnica: monicreques de luva

Idioma: castelán



EL GUIÑO DEL GUIÑOL

Colombia 11_12:00 h
14_18:00 h
16_18:00 h
17_19:00 h
18_12:00 h

El último árbol

Idades recomendadas:

a partir de 4 anos

Duración: 50 minutos

Técnica: monicreques de luva
e variña

Idioma: castelán

Esta fábula da natureza, é un espectáculo pleno de humor, xogo e sabedoría. A golpe de brosa, o leñador propónse derribar a última árbore que queda no planeta. A súa ansia faralle enfrontarse aos animais que habitan no tronco próximo co afán de protexelo.

Salvalo será moi importante pois alí aniña o ovo de paxaro chama-chuvia, unha especie imaxinaria que salvara o planeta terra. Coñecerá o leñador esta especie... atreverase a derribalo?



GONZALO GUEVARA

Arxentina

11_19:00 h

Lazarillo del Riachuelo

Idades recomendadas: a partir de 8 anos

Duración: 65 minutos

Técnica: monicreques, teatro e máscaras

Idioma: castelán

Obra para monicreques, máscaras e un actor, versión libre de La vida de Lazarillo de Tormes, adaptada na actualidade, que invita á reflexión tratando con poesía e beleza a problemática dos nenos da rúa.

Un neno de cartón, criado na rúa aprenderá o oficio das mans dos personaxes que o están formando ou, mellor dito, deformándoo.

Un carro de cartoneiro, como móbil de escenografía, será un protagonista simbólico e funcionará como cama, baúl, retablo, mesa, etc.. Nun ton tenro, irónico e despiadado mostra os vicios e as actitudes hipócritas da sociedade.

LA GOTERA DE LAZOTEA

Andalucía 15_11:30 h

15_18:00 h

La boda de la pulga y el piojo

Idades recomendadas: a partir de 3 anos

Duración: 50 minutos

Técnica: monicreques de mesa e variña

Idioma: castelán



A voda da pulga e o piollo vaise celebrar. Os preparativos e os ensaios previos son moi importantes para que, tras o festexo, todos se poidan divertir. Será a gran festa... pero algo vai ocorrer inesperadamente...

Nesta historia, un carismático mariñeiro e tres paxariños carpinteiros desafían as expectativas e embárcanse nunha cruzada do mar cun niño de palla que se transforma nun barco, o titiriteiro combina técnicas de animación de obxectos e monicreques de mesa creando un mundo cheo de imaxinación e aventura.

A través da súa voz cativadora e os seus movementos sincronizados, o mariñeiro e os pequenos cobran vida, levando a todo o público a reflexionar sobre cuestións universais como a coraxe, a curiosidade e a procura da identidade.

LA PEPA DEL MAMONCILLO

Colombia

16_18:00 h

18_12:00 h

A donde van los ríos

Idades recomendadas:

a partir de 4 anos

Duración: 45 minutos

Técnica: monicreques de mesa e narración oral

Idioma: castelán



PIZZICATTO

Argentina 15_18:00 h
18_13:30 h

El caballero sin caballo

Idades recomendadas:

a partir de 4 anos

Duración: 50 minutos

Técnica: mixta

Idioma: castelán



Hai moito tempo, nunha época máxica chea de seres misteriosos e castelos encantados, un trovador cantou esta historia: “O cabaleiro sen cabalo”. Este personaxe singular, no seu camiño errante, viviu aventuras fantásticas e o seu soño máis prezado: rescatar unha fermosa princesa das sinistras garras do malvado feiticeiro.

A historia comeza nas montañas do sur de Chile, e Kuiyen, unha moza mapuche, comeza a prepararse para a celebración da festa máis importante do seu pobo, a renovación da terra, ou Wiñol Tripan-tu na lingua mapuche. Durante estes preparativos, coñece un amigo espontáneo chamado "Manque", o cóndor. El a axuda a continuar coas súas tradicións e tamén a perseguir os seus soños. Durante esta aventura, invitan a Puelche, o vento, a celebrar con eles, pero Puelche non entende as tradicións, polo que intenta impedir que continúen.



TÍTERES CANDELILLA

Chile

14_10:30 h

15_10:30 h

19_16:30 h

Kuiyen, sueño mapuche

Idades recomendadas: a partir de 2 anos

Duración: 45 minutos

Técnica: luvas, obxectos, pantomima

Idioma: castelán

TXOTXONGILLO TALDEA

Euskadi 17_12:00 h
17_18:30 h

Caminos para la poesía

Idades recomendadas: a partir de 8 anos

Duración: 50 minutos

Técnica: monicreques de mesa e luva

Idioma: castelán

No máis alá, noutra dimensión... as voces e os sentimentos dalgúns poetas únense e compréndense: Federico García Lorca, Joxean Artze, Rafael Alberti, Anxo Romero y Pinciñas, Mikel Laboa, Antonio Machado. Estes ecos caen no saco de Isabel Gasset, que foi unha das primeiras mulleres antes da Guerra do 36 en levar monicreques á escola. Hoxe, guiada por unha pomba, tráenos poemas e monicreques para traer reflexión, alegría e beleza.

Na cidade costeira da Lavandería, onde o sol do verán brilla sobre as ondas, unha nena dispónse a facer a coada pero descobre que a lavadora está avariada, no seu interior atopa un misterio inesperado. Guiada pola súa curiosidade, comeza a seguir as pistas que a levan ata o mar. Alí, a través dunha enigmática bolsa de plástico, atopa diferentes animais que lle dan a chave para desvelar unha historia sorprendente que vai máis aló do que imaxinaba. Verán na Lavandería é unha obra chea de esperanza que convida a escoitar as voces do océano e os seus habitantes.

K'PAPAROTA E DANTHEA TEATRO

Galiza

13_11:30 h

Verán na lavandería

Idades recomendadas: a partir de 3 anos

Duración: 55 minutos

Técnica: teatro de marionetas, obxectos

Idioma: galego





Ephimeros

Idades recomendadas: a partir de 8 anos

Duración: 60 minutos

Técnica: monicreques de xeo, máscaras, danza

Idioma: sen texto



Tentando torcer o leito antes de que sexa demasiado tarde, aquí estamos. Ante un planeta canso que se nos revela finito.

O tempo escórresenos entre as mans e é, nun recuncho escuro, quizais, a nosa última oportunidade.

Nas entrañas da terra, unha osa polar de xeo enfronta aos humanos coa súa visión da historia.

"Ephimeros" é un espectáculo onde danza, máscaras e monicreques converxen nun ritual que dá vida á nosa protagonista: Nanúa, a osa de xeo nun mundo arrasado polo ser humano.

PANTA RHEI

Euskadi

16_12:00 h

16_17:30 h

Krim Pequeno Lobo medra pensando ser unha cabritiña máis. Mamá cabra adoptouno cando o atopou acabado de nacer ao carón da súa nai sen vida. Krim crece feliz ao lado de Ikal, a súa irmá cabriña. Un día aparece Lord Bronko, un vello lobo que lle esixe a Krim que sexa fiel á súa verdadeira natureza. Os lobos ouvean á lúa, corren libres polo bosque e cazan para comer. Irá Krim en busca do seu verdadeiro ser? Converterase nun verdadeiro lobo? Perderá a amizade de todos os pequenos amigos do bosque?



Krim pequeno lobo

Idades recomendadas: a partir de 2 anos

Duración: 45 minutos

Técnica: títeres e actores

Idioma: castelán

TEATRO ESCENA

Galiza

13_12:00 h

13_18:30 h

14_10:30 h

Buh! Que medo!

Idades recomendadas: a partir de 5 anos

Duración: 50 minutos

Técnica: monicreques, actores e música en directo

Idioma: galego

Diante de nós desfilan os medos máis simpáticos e divertidos que poidas imaxinar, andan rogando entre eles para contarnos as súas historias. Xogando entre eles para contarnos as súas historias e convidarnos a descubrir como, ao longo das diferentes etapas da vida, os nosos pensamentos, sentires e desexos nos expoñen a vivir moitísimas emocións. O nacemento, a infancia, a adolescencia e, por suposto, a vellez estarán habitados por monicreques de moitas formas e técnicas para darlle vida a "Buh! que Medo!".

“O Grúfalo” está baseada no texto do libro de Julia Donaldson e nas ilustracións de Axel Scheffer para o deseño dos monicreques. Canta a historia dun ratiño que pasea pola fraga e se atopa cun raposo, cun moucho e cunha serpe. Os tres querenlo papar. O enxeñoso ratiño crea un monstro imaxinario para sobrevivir. E cal é a súa sorpresa cando ve fronte a el a súa fantasía feita realidade. E con ganas de merendar... ratiños, por exemplo. Pero o noso rato, coa súa intelixencia, valentía, astucia e confianza en si mesmo, sobrevivirá a todos eses depredadores máis feroces e fortes ca el.

“Carapuchiña Feroz”. Do libro “Cantos en verso para nenas perversos”. Historia baseada na versión que fixo Roal Dhal do famoso canto universal da Carapuchiña Vermella que todas as nenas e nenas coñecen.

“Shhh! Ternos un plan”. Baseada no libro de Chris Haughton. Catro amigos van pola fraga; ao ver un paxariño, queren cazalo. Salvo o máis pequeno, que decide axudalo para que poida vivir en paz. No todos os plans perseguen lo mesmo... Unha divertida historia chea de acción e alegría de vivir.



CARMEN DOMECH

Galiza

16_10:30 h

17_10:30 h

19_18:30 h

O Grúfalo

Idades recomendadas:

a partir de 3 anos

Duración: 55 minutos

Técnica: contacontos
con marionetas e
narración oral

Idioma: galego

MIRCROMINA TEATRO



Galiza

11_18:00 h

13_10:30 h

Pasma de Pedra

Idades recomendadas: a partir de 4 anos

Duración: 45 minutos

Técnica: luva, bonecos

Idioma: galego

Corre o ano 1543 cando Isa de Castro e Pardo de Cela casados e residentes no castelo da Frouxeira disfrutan duha vida relaxada chea de privilexios e distraccións. Mentras, na outra punta da comarca os Bispos de Mondoñedo levan tempo reclamando os seus dereitos, bens e propiedades. Cansos de ser troleados pola parella contratan a mercenario Mudarra para que lles faga o traballo sucio. A pregunta é: Perderá Pardo a cabeza?

Emporionova é a promesa dunha vida mellor, traballo, teito e liberdade, un país coa prosperidade como bandeira e o progreso como insignia. Ou iso din.

As fábricas fumegantes e as praias cheas de residuos converteron este paraíso nun espellismo onde os que viven intentan sobrevivir o mellor que poden. Ata que un día, buscando entre os cascallos da praia, un pescador atopa un neno que chegou misteriosamente do mar. Anio. Grazas aos seus novos amigos, verá o importante que é coidar o lugar onde se vive e a xente que o rodea, loitar polo que é correcto e porque ás veces as cousas non son como che din nos anuncios...

PROGRAMACIÓN
CARABÉ



FIL DE GUÀ

Cataluña

16_20:30 h

17_10:30 h



Emporionova

Idades recomendadas: partir de 7 anos

Duración: 50 minutos

Técnica: uva, sombras, bunraku

Idioma: castelán

LA TARTANA

Madrid 17_20:30 h

PROGRAMACIÓN
CARABÉ

Un hilo me liga a vos

Idades recomendadas:

a partir 5 de anos

Duración: 50 minutos

Técnica: monicreques,
actores, música en directo

Idioma: castelán

Desde o Olimpo, Zeus observa con asombro que ninguén se acorda del nin dos mitos gregos. Isto desata a súa furia e pídelles ás moiras que corten o fío da vida de cada ser humano. As moiras non atenden as ordes de Zeus e deciden contarnos tres historias mitolóxicas coa esperanza de que o descubrimento dos mitos esperten en nós a curiosidade que aplaque a ira de Zeus.

A música en directo fusionase coa poesía e a linguaxe visual do teatro de títeres para contarnos a loita de Teseo co minotauro dentro do labirinto, o plan de Dédalo para escapar co seu fillo Ícaro ou o destino de Aracne tras o seu desafío a Atenea. Lograrán as moiras conquistarnos?

Tape y otros cuentos é o novo espectáculo do titiritero e o clown Roberto White no que segue aprofundando na materialidade e os obxectos, como punto de partida para crear personaxes e contar as súas historias.

Con pouco máis que a cinta de papel construíndo tenros e poéticos personaxes, apoiados na música e sen máis ferramentas, que a súa plástica e a súa xestualidade.

Tape y otros cuentos

Idades recomendadas:

a partir de 6 anos

Duración: 45 minutos

Técnica: clown, mesa

Idioma: sen texto



TEATRO LA ESTRELLA



C. Valenciana

14_11:30 h

14_17:00 h

Los tres cerditos

Idades recomendadas:

a partir de 3 anos

Duración: 50 minutos

Técnica: marionetas de fíos, clown

Idioma: castelán

Os pallasos prepáranse para contar unha historia moi coñecida ou non tanto. A historia segue a tres irmáns que chegaron á idade na que deben ser independentes e atopar o seu propio camiño. Cada porco, coa súa propia personalidade única, escolle unha forma diferente de construír a súa casa para protexerse do temible lobo grande... ou quizais non tan grande.

Esta historia invítanos a reflexionar sobre o esforzo, a responsabilidade, a capacidade e a colaboración, todo envolto nun ton humorístico e amable para os máis pequenos.

PROGRAMACIÓN
CARA BÉ

Italia 15_20:30 h
16_10:30 h

ZACHES TEATRO

Cenicienta

Idades recomendadas: a partir de 7 anos

Duración: 55 minutos

Técnica: teatro de obxectos, figuras, danza

Idioma: castelán

Reclusa no seu mundo interior, Cincenta prefere moverse en soidade, case invisible, no medio dunha vida aparentemente aburrida, aceptando pacientemente cada castigo inflixido pola súa madrastra e as súas irmás. Pero dentro dela, as brasas ocultas do desexo dunha existencia completamente diferente arden. Cincenta gaña gradualmente confianza e coraxe, aprende a enfrontarse á adversidade e xa non ten medo de contrarrestar aos seus atormentadores, que se atopan cada vez máis desarmados e indefensos. Será a forza interior dela a que a redimirá.

ANDARTE SONANDO

México

18_18:00 h

19_17:30 h

Ya se armó la Titerelia

Idades recomendadas: a partir de 4 anos

Duración: 55 minutos

Técnica: monicreques de variña, bonecos, obxectos

Idioma: castelán

Nun mundo cheo de segredos, que só os ollos curiosos poden ver, vive Ydna, unha nena que prefire a maxia da súa propia cabeza ás regras e tarefas que lle parecen aburridas. Pero un día, o destino lévaa a un lugar onde as sombras e as criaturas máis inesperadas cobran vida.

E se medrar resulta unha aventura asombrosa? Poderá Ydna descubrir que as respostas ás súas preguntas máis grandes se agochan nos lugares máis estraños? E que pasará cando os seus medos se tranformen e poidan desaparecer? Armouse a Titerelia, onde a fantasía e a realidade se entrelazan de formas inesperadas.

Xa chegan Os Monifates!!!!!!

Un peculiar carromato tirado por dous músicos ambulantes que percorren vilas e pobos cunha importante misión, a de mostrar a rica e variada música e instrumentación da cultura galega, nun formato distinto e orixinal. Nas súas viaxes fóronse sumando os máis diversos e peculiares bailaríns (monicreques danzantes), integrando así música e marionetas nun espectáculo pensado para toda a familia, marabillándonos coas historias dos seus personaxes.

Esta singular troupe, formada por Bartolo o pandereteiro, o porco Antón, Don Gaiferos, Xaquín e Maruxa, Saturno e Leonor, o galo Farruco, o trasno Fedello e os Barbanzóns, pon o baile nun improvisado escenario para disfrute e divertimento do público asistente.



Galiza

OS MONIFATES

11_17:00 h

Percorrendo camiños

Idades recomendadas: todos os públicos

Duración: 50 minutos

Técnica: música en directo, monicreques

Idioma: galego

TEATRO ARBOLÉ

Aragón

18_22:00 h

PROGRAMACIÓN
CARABÉ

Trigedias de amor y cuernos

Idades recomendadas: a partir de 12 anos

Duración: 60 minutos

Técnica: actor e obxectos

Idioma: castelán

Trigedias de amor y cuernos recolle a mellor tradición do bululú galego, con dous textos inmortais na tradición titiritera: de Don Ramón do Valle Inclán, Os cornos de Don Friorenta e de Federico García Lorca, O retablillo de Don Cristóbal, os dous contados á maneira do Bululú galego. O cego que fai do seu corpo e a súa capa retablo e apóiase nos bonecos para recuperar a esencia do Teatro, o teatro en bruto, a catarse da cachiporra. As dúas historias veñen introducidas polas Coplas ao viño de Nicanor Parra. Cego, veu e bonecos mestúranse para recobrar a tradición máis xenuína do xogar. Tratar de unir tradición e vangarda é o obxectivo deste espectáculo unipersoal a cargo de Iñaqui Juárez Montolio. Baseada en Textos de Don Ramón do Valle Inclán e Federico García Lorca contados á maneira do Bululú.



KALINA TEATRO

Galiza

17_12:00 h

17_18:00 h

Limonardo dá vento

Idades recomendadas:

a partir de 4 anos

Duración: 45 minutos

Técnica: monicreques de luva

Idioma: galego

En “Limonardo dá Vento”, mergullámonos na emocionante procura de Limonardo, un mozo valente e decidido que emprende unha viaxe en busca do vento. A súa misión é recuperar a fariña que o vento lle arrebatou, pero no seu camiño cara á vitoria, descubrirá agasallos máxicos que cambiarán o seu destino. Limonardo atópase co vento, un ser misterioso que o desafía e ofrécelle unha elección: un mantel máxico que se enche de comida, un burriño encantado que outorga moedas, ou un pau ben adestrado para impartir xustiza. A través dos seus encontros co vento, Limonardo aprenderá leccións de xenerosidade, coraxe e perseveranza.

A man with a beard and glasses, wearing a black top hat and a blue patterned scarf, is smiling and playing an acoustic guitar. He is holding a red and blue cloth in his left hand. The background is a bright blue sky with a large, stylized yellow pencil on the left and green hills at the bottom. The overall style is colorful and whimsical.

LUIS VALLECILLO

Galiza

11_18:00 h

Magic & Music

Idades recomendadas:

de 0 a 3 anos (bebés)

Duración: 30 minutos

Técnica: maxia, música

Idioma: galego

Un espectáculo no que descubrir as cores a través da maxia, da música e a poesía, onde atoparnos c@s nen@s que tod@s levamos dentro, para poder volver a gozar mirando cos ollos de quen está a descubrir o mundo...

TITERES CACHIRULO

Galiza

19_13:30 h

A cabeza do dragón

Idades recomendadas: a partir de 4 anos

Duración: 55 minutos

Técnica: luva e variña

Idioma: galego

Adaptación para marionetas da obra de D. Ramón María del Valle-Inclán, "La cabeza del dragón". O Príncipe Verdemar é desterrado do seu fogar e, coa axuda dun trasgo falcatrueiro, terá que loitar contra bandoleiros e mesmo contra o terrible dragón, que ten apresada á filla do Rey Micomicón, para poder retornar triunfante a casa.

Presentación do proxecto: **CLEMENTINA E OS PLANETAS**

Venres 17 de Outubro ás 17.00 h
Carpa da Alameda

Duración: 45 minutos
Público familiar
Charla divulgativa

Intervenien:
Sara Cazzoli (IAA-CSIC)
Rafael Rey (Nauta Teatro)
Abril Fernández (Nauta Teatro)



Un proxecto de:



Coa colaboración de:



A viaxe de Clementina é unha odisea a través de sistemas planetarios con estrelas moi distintas, a bordo dun cometa, para coñecer civilizacións exóticas e aprender sobre a gran diversidade do Universo.

Nesta proposta escénica e científica falaremos do Universo máis próximo –estrelas, planetas e cometas– xogando coa beleza plástica e onírica de máscaras, monicreques e marionetas.

Esta actividade nace da colaboración entre a compañía Nauta Teatro e o Instituto de Astrofísica de Andalucía (IAA-CSIC), co apoio da Fundación Española de Ciencia y Tecnología (FECYT) e diferentes partners locais.



Os títeres son curvos.
Retortos.
Son rebeldía.
Os títeres son unha canle a vomitar
as nosas merdas,
os nosos desexos de revolución
e protesta.
Os títeres son underground.
Os títeres son adultos,
son crueldade,
son crítica e son sátira.
Os títeres son liberdade para falar
como che saia da cona.
Os títeres son o desexo de vivir,
son sensualidade e son erotismo,
son liberdade sexual.
Os títeres son do pobo
Os títeres son o pobo.

CABARÉ CARABÉ

Organiza Festival Galicreques

Xoves 16_22:00 h



CabaRé CaraBé

Varios Artistas

Idades recomendadas:

a partir de 12 anos e adultos

Duración: 120 minutos

Técnica: mixta

Idioma: galego, castelán

PREMIO GALICREQUES 2025



Foto: Amaia ZABALO



*O **Premio Galicreques** concédese a unha entidade, persoa ou compañía polo seu labor no mundo dos monicreques a través de proxectos que, aínda que no seu comezo puidesen parecer disparatados e efémeros, acabaron sendo soños conseguidos que nos favorecen a tod@s @s amantes das marionetas.*

Nesta edición, queremos destacar o compromiso artístico, social e cultural de **Enkarni Genua**, fundadora –xunto a Manolo Gómez– do grupo Txotxongillo Taldea (1971), pioneiro na posta en escena de espectáculos de monicreques en euskera, levando durante máis de medio século o teatro de marionetas por países, cidades, pobos e barrios. A súa contribución é inconmensurable. Enkarni e Manolo colaboraron na posta en marcha do Titirijai, Festival Internacional de Títeres, e na creación do TOPIC — Museo e Centro Internacional da Marioneta, en Tolosa.

A achega de Enkarni Genua como escritora para o teatro de figuras é fundamental, e conta con máis de 40 obras e publicacións en distintos ámbitos: literatura infantil, xuvenil, teatro, tv, contos, discos, materiais didácticos, etc.

As súas creacións destacan por revitalizar a literatura oral, a mitoloxía e lendas de Euskadi, así como polo seu compromiso coa muller e os colectivos máis desfavorecidos.


Celebramos o 30 aniversario do Festival Internacional Galicreques con esta mostra que recolle monicreques e marionetas do mundo que nos acompañaron todos estes anos, así como fotografías de moitas compañías que participaron e grandes espectáculos nacionais e internacionais. Tamén estará exposta unha colección cos carteis das pasadas edicións do festival, dende 1996 até a presente edición 2025.

Esperamos que disfrutedes tanto coma nós deste tradicional e familiar evento que nos acompaña todos os outubros en Santiago de Compostela.

EXPOSICIÓN Galicreques 30 Aniversario

Do 1 ao 29 de outubro
na Biblioteca Ánxel Casal de Santiago





30 anos de Galicreques

SALA CAPITOL

Mércores 8 de outubro, 20:00 h
Gala Inauguración 30 Anos de Galicreques
(con convite)

Aquí comeza unha edición moi especial do Festival Internacional Galicreques: celebramos 30 anos de vida cun pequeno adianto do que está por vir. Unha noite de sketches, números sorprendentes e a creatividade dos artistas e titiriteiros que nos acompañan para inaugurar con ledicia este aniversario tan sinalado.

Do 11 ao 19 de outubro, teatros, rúas e prazas enche-
ranse de cor, maxia e fantasía para que público de
todas as idades volva emocionarse cos monicreques.

Queremos dar as grazas ás compañías participantes,
a tod@s @s que apoiaron este proxecto e, sobre
todo, ao público que, ano tras ano, mantivo vivo e fixo
crescer o Galicreques ata converterse nun festival
internacional de referencia en Compostela.

SALA CAPITOL

TEATRO ARBOLÉ

Aragón

Domingo 19 de outubro, 12:00 h

Los tres cerditos

Idades recomendadas: a partir de 3 anos

Duración: 55 minutos

Técnica: monicreques de mesa

Idioma: castelán

Venda de entradas en:
<https://www.salacapitol.com/>

A través de monicreques de mesa e aderezado con cancións, achegáremos desde un lugar diferente a este conocidísimo conto. Tocinete, o porquiño maior, está sempre disposto a poñerse ao choio. Gorrinico, o mediano, prefire tomarse a merenda, a cuarta de hoxe.

E Cochinillo, o pequeno, só sairía da cama para xogar aos agochos. Pero despois dunha cómoda vida na granxa... Como será cando atopen ao lobo? En realidade... Saben o que é un lobo?

Monicreques e titiriteiro contarannos esta historia por todos coñecida. Pero sacudida esta vez polo humor e o xogo desenfadado que caracterizan a Teatro Arbolé. Lembraremos con esta divertida versión, que os contos, cada vez que se contan, son diferentes.



DÍA DE PORTUGAL

Domingo 12 de outubro

(Carpa e exteriores. Paseo central da Alameda)

Mercado de produtos e artesanía portuguesa, pasarrúas, obradoiros, espectáculos e música en directo.

11:00 h. **Mercado de produtos de Portugal.**

Artesanía e sabores

11:00 h. **Ruada de Xigantes** *(saída dende a Alameda)*

12:00 h. **Obradoiro de Marionetas de Papel** *(público familiar; por orde de chegada)*

13:00 h. **O Rei Vai Nu.** Fio D'Azeite *(Sintra, Portugal)*

16:30 h. **Ruada de Xigantes** *(saída dende a Alameda)*

17:30 h. **Fíós Máxicos.** Marionetas Rui Sousa *(Santa María da Feira, Portugal)*

20:00 h. **Concerto: Brothers in Arms.** Canções de Liberdade - 50 anos do 25 de Abril *(Porto, Portugal)*. **CARABÉ**

Presentamos unha celebración da música portuguesa, o 25 de abril e a Liberdade, con temas inesquecibles. Este trío promete cativar e emocionar ao público galego a través das letras e música portuguesas.





Instalación de xogos de madeira


UN MAR DE XOGOS

Bico de Toupa

Sábado 18 e Domingo 19 de outubro

De 16:00 h a 18:00 h

Galiza




Brincar, enredar, rebuldar, trebellar son importantes compoñentes do patrimonio cultural inmaterial galego poñendo sempre a imaxinación ao servizo desa sinxeleza que ten o xogo.

Espazo interxeneracional, que estimula a creatividade e a psicomotricidade, para divertirnos e conectarnos coa natureza.

Con xogos de habilidade, equilibrio ou destreza, para nenas e nenos de 1 a 4 anos, de 4 a 11 anos e para compartir en familia:

1. Peixelín. Un futbolín onde os peixes son os protagonistas.
2. Río arriba. Xogo de habilidade que recrea unha pista de jockey no fondo do mar.
3. Cruzar o charco. Xogo de habilidade co lanzamento dunhas cunchas.
4. Roda tabeirón. Xogo de destreza onde hai que darlle de xantar ao tabeirón.
5. Bucea e vaite. Xogo de precisión onde deslizas e encestas.
6. O equilibrio da raia. Xogo de equilibrio onde deberas ir colocando pezas.
7. Surfeiro. Xogo de puntería onde deberas enganchar o pe do surfeiro.
8. A ostra e a perla. Xogo de habilidade para poñer a perla na ostra.
9. Peixebolo. Xogo tradicional onde os bolos son sardiñas.
10. Pola boca ri o peixe. Xogo de habilidade onde a boliña ten que entrar na boca.
11. Pesca sostible. Xogo de habilidade no que deben devolver os peixes ao mar.
12. A charca. Xogo de construción destinado aos nenos/as de 1 a 3.





INSTALACIÓN: ZOO PARQUE FANTÁSTICO

Do Sábado 11 ao Domingo 19 de outubro
de 12:00 h a 18:00 h
no Exterior da Carpa da Alameda

Todos os públicos

Un sorprendente mundo de seres extraordinarios no que se poden apreciar as diferentes especies, mariñas, terrestres e voadoras, que forman esta increíble atracción (entre atracción de feira e arte contemporánea) que será difícil de esquecer. Xunto ás grandes figuras aparecen pequenos seres que habitan en caixas máxicas ou monstros que saen dunha maleta, que nos traen lembranzas de personaxes mitolóxicos e dos petróglifos galegos.

INSTALACIÓN: TITIROT


Sábado 11 de outubro ás 11:00 h

Mercado de Abastos

Todos os públicos



Monicreques do mundo! Presentamos o Titirot, mística e arte, o oráculo titiriteiro onde ver que monicreque serás noutra vida ou talvez... como che manipulan nesta. Se tes dúbidas ou precisas consello, non te perdas O Titirot.



PROGRAMACIÓN CARABÉ

Ven a descubrir os espectáculos CaraBé do Galicreques:

"Tape y otros cuentos" (Roberto White), "Cenicienta" (Zaches Teatro), "Emporianova" (Fil de Guà), "Un hilo me liga a vos" (La Tartana), "Juan, María y los del 900" (El Chonchón), "Ephimeros" (Nauta Teatro), "Brothers in Arms" Concerto Día de Portugal. Canções de Liberdade (50 anos de 25 de abril), "Trigedias de amor y cuernos" (Teatro Arbolé), "CabaRé CaraBé" (Varios artistas Galicreques). *

*Consulta datas e horas neste programa.

PROGRAMACIÓN
CARABÉ
TODO TEN OUTRA CARA

Chega ao Galicreques a programación *CaraBé*, na que ver e descubrir as diferentes caras que nos poden ofrecer os monicreques. Unha programación que amosará a esencia máis adulta do festival. Todo ten outra cara, atréveste a vir ver esta?

CaraBé:

A cara oculta da lúa,
A outra cara da moeda,
A outra cara da historia,
A cara B do casete...
Todo ten unha cara B, que non se amosa, que non se ve, que tamén está aí, presente, agochada.
E os monicreques... Teñen eles unha cara B?
Unha cara descoñecida?

ENTRADAS

Teatro Principal

1 entrada: 5 €*

1 entrada (Carné Xove): 4,50 €*

4 entradas para un mesmo espectáculo: 15 €*

Venda de entradas en <http://entradas.ataquilla.com> e na billeteira do teatro os días de función, dende unha hora antes do comezo do espectáculo.

* Gastos de xestión *ataquilla.com* non incluídos nos prezos.

A Reixa

Venda de entradas en A Reixa Tenda. Prezo: 2 €

Sala Capitol

Venda de entradas en: <https://www.salacapitol.com>

Espectáculos de rúa, Carpa da Alameda e Centros Socioculturais, de balde


Reserva de entradas (só Teatro Principal) de 10:00 a 14:00 h no Tlfno. 667 771 147 e no email: culturalbarrigaverde@gmail.com

Non se fan reservas para as funcións de A Reixa, Sala Capitol, espectáculos de rúa nin para a Carpa da Alameda. Para os Centros socioculturais, consultar reservas con cada espazo.

ESPAZOS DE ACTUACIÓN

- Teatro Principal. Rúa Nova, 21. Tlfno. 981 542 349
- A Reixa Tenda. Rúa do Hórreo, 46. Tlfno. 981 575 138
- Sala Capitol. Rúa Concepción Arenal 5. Tlfno. 981 574 399
- Fundación SGAE. Rúa das Salvadas, 2A, Parque de Vista Alegre. Tlfno. 981 569 082
- CSC Santa Marta. Rúa de Antonio Rama Seoane, 6. Tlfno. 981 543 017
- CSC Fontiñas. Rúa Berlín, 13. Tlfno. 981 528 750
- CSC Vite. Rúa de Carlos Maside, 7. Tlfno. 981 542 490
- CSC Conxo. Praza Aurelio Aguirre, 1 - Conxo. Tlfno. 981 528 740
- CSC Castiñeiriño. Rúa Virxe de Fátima, 1. Tlfno. 981 542 459
- CSC O Ensanche. Frei Rosendo Salvado 14-16 baixo. Tlfno. 981 543 001
- CSC Romáño. Travesa de Vista Alegre, 46. Tlfno. 981 543 005
- CSC A Gracia. Lugar San Silvestre, 6. Tlfno. 981 542 350
- CSC Laraño. Lugar, Reibo, 2A. Tlfno. 981 542 350
- CSC Lavacolla. A Sionlla, s/n. Lavacolla. Tlfno. 981 542 350
- *Carpa do Parque da Alameda (paseo central), Mercado de Abastos*

Máis información en facebook, instagram, twitter e www.galicreques.gal





XXX festival internacional **GALICREQUES** 2025

do 11 ao 19 de OUTUBRO
SANTIAGO DE COMPOSTELA

Organiza:



Festival Internacional
Galicreques



AXENCIA GALEGA
DAS INDUSTRIAS
CULTURAIS



www.galicreques.gal



[Galicreques Santiago](https://www.facebook.com/GalicrequesSantiago)



[@festivalgalicreques](https://www.instagram.com/@festivalgalicreques)



[@Galicreques](https://www.twitter.com/@Galicreques)



667 771 147



culturalbarrigaverde@gmail.com

